



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

---Documento: **2ª ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 27 DE SETEMBRO DE 2010.**

---Contrato: **DE “SUBMINISTRO E INFRAESTRUTURAS DE TELECOMUNICACIÓNS, RADIO E ENTORNO RURAL (FEESL)”**

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: **29 DE SETEMBRO DE 2010**

Vista a proposta da Alcaldía-presidencia relativa ao expediente tramitado de contratación de “Subministro e infraestruturas de telecomunicacións, radios e entorno rural” (FEESL), cun orzamento de 33.917,34 € (IVE incluído), aprobado pola Xunta de Goberno Local de 31-05-10.

Visto que das catro empresas convidadas so presentaron oferta: TECNOCOM, S.A. e EMETEL, S.L., atendendo ao regulamentado no Prego de Cláusulas Administrativas e Prescricións Técnicas.

Vistas as propostas presentadas polas nomeadas empresas e previa valoración e análise das mesmas, do que resulta que:

EMETEL., S.L., obtén unha puntuación de 279.377

TECNOCOM, S.A., obtén unha puntuación de 390.625

Visto que en data 23 de agosto de 2010 a Xunta de Goberno local acordou adxudicar provisionalmente o contrato de “SUBMINISTRO E INFRAESTRUTURAS DE TELECOMUNICACIÓNS, RADIO E ENTORNO RURAL “ á empresa “TECNOCOM S.A.”, por un importe de 33.917,34 (IVE incluído)., indicándose neste acordo a obriga de presentar unha serie de documentación no prazo máis breve posible e nunca máis alá de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do Contratante; a data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante é o 2 de setembro de 2010, polo que o prazo de remate de presentación de documentación resultaba o 14 de setembro de 2010.

Con rexistro de entrada 011230 e data de entrada neste Concello o 17 de setembro de 2010 a empresa Tecnom, S.A aportou a seguinte documentación: Informe da Tesourería Municipal, alta e últimos recibos pagados IAE, certificado da Axencia Tributaria, certificado da seguridade social e a constitución da garantía definitiva; o cal comportou que a presentación da documentación non se realizase en prazo por parte de TECNOCOM, S.A.

Considerando o disposto na cláusula XIV do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do contrato de subministro de “INFRAESTRUTURA DE TELECOMUNICACIÓNS, RADIO, ENTORNO RURAL” que indica que : “No caso de que non proceda a adxudicación do contrato ó licitador que resultara adxudicatario provisional, por non cumprir este as condicións necesarias para acada-lo, antes de proceder a unha nova convocatoria se poderá (sempre de xeito facultativo para o órgano de contratación) efectuar unha nova adxudicación provisional ó licitador ou licitadores seguintes a aquel, polo orde no que quedaran clasificadas as súas ofertas, sempre que isto fora posible e que o novo adxudicatario presentará a súa conformidade. En tal caso, concederase a este un prazo de cinco días para presenta-la documentación administrativa e a garantía definitiva.”

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1º, da Lei 30/2007, e Decreto de delegación de 21 de xuño de 2007,

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes acordos:

1º.- Adxudicar provisionalmente o contrato de subministro “TELECOMUNICACIÓN, RADIO, ENTORNO RURAL” (FEESL) , por importe de 33.802,01(IVE incluído) á empresa EMETEL SISTEMAS, S.L. ( CIF B15474570), con arranxo aos Pregos de Cláusulas Administrativas e Prescricións Técnicas e á súa oferta.

2º.- A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

- Informe da Tesourería Municipal de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias para co Concello.
- Certificado de estar ao corrente no pagamento no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas.
- certificado de Axencia Tributaria Estatal de que se atopa ó corrente das súas obrigacións tributarias.
- certificado de que se atopa ó corrente das súas obrigacións para coa Seguridade Social.
- Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación (excluído o IVE).

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 5 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

3º.- Notifíquese o presente Acordo e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

A Estrada 28 de setembro de 2010.  
O ALCALDE,

Asdo. José A. Dono López.